

- Para o título de técnico superior, ter cumpridos 20 anos e cumprir algún dos requisitos para o acceso aos ciclos de grao superior.

Máis información sobre as probas para a obtención dos títulos de formación profesional en www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Probas".

Cales son as principais saídas académicas dos títulos de FP?

Ao finalizar un ciclo de grao medio pódese acceder directamente ao bacharelato e a calquera outro ciclo formativo de grao medio, e aos ciclos de grao superior, superando a proba ou o curso de acceso a estes estudos. O curso está pendente de regular.

No caso de ter finalizado un ciclo de grao superior poderase acceder de xeito directo, sen necesidade de proba, a calquera ensinanza universitaria de grao e a calquera outro ciclo formativo de grao superior. Se o título universitario tivese limitación de prazas o acceso faríase tendo en conta a nota media do ciclo formativo. Para mellorar esta nota de acceso é posible presentarse á fase específica da proba de acceso á universidade.

Máis información en www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Ven á FP".

Cales son as principais saídas profesionais dos títulos de FP?

A obtención do título de técnico ou de técnico superior de formación profesional permite a incorporación da persoa, dun modo case inmediato, ao mercado laboral.

Nos currículos de cada ciclo formativo descríbese o contorno profesional onde a persoa titulada pode exercer o seu labor, ademais de indicarse as ocupacións e os postos de traballo máis salientables para exercer a súa profesión.

Podes consultar cal é o contorno profesional onde a persoa titulada pode exercer o seu labor, en www.edu.xunta.es/fp/folletos-informativos-fp, ou máis extensamente no epígrafe "Currículos".

Se estás interesado en coñecer os datos dos últimos anos relativos á ocupación laboral e á inserción laboral das persoas tituladas de formación profesional por familia profesional ou ciclo formativo, podes consultar o enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp/insercion-laboral>

E lembra: unha das mellores maneiras de accederes ao mercado de traballo é mediante a posta en marcha do teu propio negocio ou do teu proxecto empresarial.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, consciente da importancia do emprendemento na sociedade galega, pon á disposición do alumnado viveiros de empresas –espazos adecuados para a posta en marcha dun negocio ou dun proxecto empresarial viable–, coas infraestruturas básicas e co asesoramento e a tutoría do responsable de emprendemento do centro educativo.

Tes máis información sobre os viveiros de empresas e das accións de apoio ao emprendemento que pon á túa disposición a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en:

www.edu.xunta.es/fp/eduemprende

Máis información

- Departamentos de orientación dos centros educativos.
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Edificio Administrativo de San Caetano
Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 400 - 981 544 376
www.edu.xunta.es/fp



Coñece a Formación Profesional

Coñece a FP

A formación profesional do sistema educativo abrangue o conxunto de accións formativas estreitamente relacionadas coas ocupacións, as profesións e o mercado de traballo. Na actualidade, debido á súa ampla oferta, ao seu carácter modular e ás facilidades para a súa realización, mesmo a través de internet, preséntanse como unha opción moi atractiva cunha alta porcentaxe de inserción laboral.

Como está organizada a formación profesional no sistema educativo?

A formación profesional do sistema educativo abrangue os módulos profesionais específicos dos programas de cualificación profesional inicial, os ciclos formativos de grao medio e os ciclos formativos de grao superior.

Os ciclos de grao medio forman parte da ensinanza secundaria postobrigatoria, e os de grao superior da educación superior, igual que as titulacións universitarias.

Os ciclos formativos agrúpanse en 26 familias profesionais –grupos de ocupacións– que configuran un sector económico e concorren nunha mesma actividade produtiva. A relación das familias profesionais e os ciclos formativos de cada unha delas está dispoñible en www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Coñece a FP".

Cal é a duración dun ciclo formativo?

A maioría dos ciclos formativos teñen unha duración de 2.000 horas, ou dous cursos académicos, aínda que con excepcións nalgúns ciclos do anterior sistema educativo.

Como se estrutura un ciclo formativo?

En módulos profesionais de formación teórico-práctica, adecuada aos diversos campos profesionais, cunha duración variable especificada en horas. A súa configuración en módulos facilita a mobilidade do alumnado entre os ciclos formativos, e entre estes e outras ensinanzas do sistema educativo.

A superación de todos os módulos dun ciclo formativo dá lugar ao correspondente título.

Cales son os módulos de cada ciclo formativo?

Podes consultar a relación de módulos que compoñen cada ciclo formativo e a súa duración en www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Coñece a FP", ou máis extensamente no epígrafe "Currículos".

Cales son os requisitos para acceder a un ciclo de grao medio?

Para poder cursar estudos de ciclos formativos de grao medio, o alumnado debe cumprir algún dos requisitos seguintes:

- Posuír o título de graduado en educación secundaria ou dun nivel académico superior.
- Ter superados os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).
- Ter superado o curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao medio (pendente de regulación).
- Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos ou a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Outras titulacións equivalentes para os efectos de acceso aos ciclos formativos de grao medio, dispoñibles no enderezo www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Coñece a FP".

Cales son os requisitos para acceder a un ciclo de grao superior?

Para poder cursar estudos de ciclos formativos de grao superior, o alumnado debe cumprir algún dos requisitos seguintes:

- Dispor do título de bacharel.
- Posuír un título de técnico de grao medio e ter superado un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao superior (pendente de regulación).
- Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos ou a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Outras titulacións equivalentes para os efectos de acceso aos ciclos formativos de grao superior, dispoñibles no enderezo www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Coñece a FP".

A quen van dirixidas as probas de acceso aos ciclos formativos?

Ás persoas que non cumpran ningún dos requisitos académicos esixidos para acceder directamente aos ciclos formativos.

Para se presentar á proba de acceso a ciclos de grao medio é preciso ter como mínimo dezasete anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba e, no caso de ciclos de grao superior, ter como mínimo dezanove anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba, ou dezaoto anos, se se acredita dispor no momento de inscrición para a proba dun título de técnico que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción á que se opte, consonte a táboa que se pode consultar en www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Probas".

Nese mesmo epígrafe da páxina web tamén se pode coñecer en que consiste a proba de acceso, as exencións de partes da proba, probas de exemplo, datas de inscrición e outros aspectos.

Cales son os réximes e as modalidades para realizar os estudos de FP?

Actualmente, a formación profesional pódese cursar ben por curso completo no réxime ordinario, na modalidade presencial, ou ben de xeito parcial por módulos profesionais no réxime de persoas adultas, nas modalidades tanto presencial como a distancia.

A modalidade presencial implica asistencia diaria ao centro formativo, entanto que a modalidade a distancia é un modelo máis flexible, no que o alumnado marca o seu ritmo de aprendizaxe en función das súas necesidades, da súa actividade laboral, das cargas familiares ou doutras actividades.

Para realizar a matrícula no réxime de persoas adultas é preciso ter cumpridos os 18 anos no ano natural en que se inicien os estudos, ou 16 anos, para as persoas que teñan un contrato laboral que lles impida acudir aos centros educativos polo réxime ordinario.

Que ciclos formativos pode estudar?

No portal educativo www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Ven á FP", dispós de toda a información da oferta de formación profesional en centros públicos ou en centros privados coas ensinanzas concertadas de Galicia, en calquera dos seus réximes ou das súas modalidades.

En que datas teño que presentar a solicitude de admisión?

Con independencia do réxime solicitado –ordinario ou de persoas adultas–, o prazo ordinario de presentación de solicitudes vai do 17 de xuño ao 2 de xullo, ambos incluídos, e o prazo extraordinario abrangueará desde o día 1 ao 12 de setembro, ambos incluídos.

Quen presente a solicitude no prazo ordinario sempre terá preferencia sobre quen a presente no prazo extraordinario.

Máis información do procedemento de admisión a ciclos formativos en www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Ven á FP".

Que título se obtén ao superar un ciclo formativo ou se se acredita a formación asociada ao ciclo?

A persoa que acredite a formación asociada a un ciclo de grao medio estará en disposición de obter o título de técnico, e a de técnico superior se se acredita a formación asociada a un ciclo de grao superior.

Cal é a validez dos títulos de formación profesional?

Os estudos de formación profesional inicial teñen carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio do Estado.

Que facilidades de carácter académico achegan os títulos de formación profesional para realizar outros estudos?

Co título de técnico, en función do ciclo de grao medio que se teña cursado, válidanse determinadas materias de bacharelato.

Co título de técnico superior teranse recoñecidos créditos e materias validadas nas titulacións universitarias oficiais de grao. Podes consultar a relación de créditos e materias validadas para cada titulación de grao do Sistema Universitario de Galicia, en www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Validacións".

E se só supero algúns dos módulos do ciclo formativo?

En calquera caso, sempre poderás retomar os estudos dese título ou de outro, tendo en conta que algúns módulos dun título poderán ser validados por módulos doutro título. Podes coñecer a relación de módulos validados na portal educativo www.edu.xunta.es/fp, no epígrafe "Validacións".

Pódese obter un título de formación profesional por outra vía que non sexa a superación das ensinanzas dos ciclos formativos?

Si, mediante a superación das probas libres para a obtención dos títulos.

Cales son os requisitos para participar nas probas libres para a obtención dos títulos?

- Para o título de técnico, ter cumpridos 18 anos e cumprir algún dos requisitos para o acceso aos ciclos de grao medio.